

MPN/plc

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS
PROVINCIAIS DO DÍA 23/05/2025**

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez

VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero

D. Javier Tourís Romero en substitución de D.^a Luisa María Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Jorge Cubela Lopez

D. Jesús Vázquez Almuíña

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D.^a María Nava Castro Domínguez

D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D.^a Digna Rosa Rivas Gómez

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

D.^a María Ortega Iñarrea en substitución de Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Cooperación, D.^a Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV:IH4AQXPRM580TW1W), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e un de abril do ano dous mil vinte e cinco por unanimidade.



2. Ditaminar a aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Rio Miño – AECT Rio Minho- para levar a cabo a redación do proxecto de execución da ponte peonil internacional As Neves-Monção, no ámbito do desenvolvemento e promoción da cooperación transfronteiriza (Expte. 2025016471)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, someteuse ó Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, a seguinte proposta de acordo con carácter previo a súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

"ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO -AECT RIO MINHO- PARA LEVAR A CABO A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA (Expte.2025016471)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Rio Miño desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a **"REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA"**. A dita acción englobase no marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriza do Miño, coa finalidade de mellorar o grao de integración territorial, o atractivo e a promoción desta área. Con este fin levouse a cabo un proceso de planificación estratéxica denominado Estratexia 2030 do Rio Miño Transfronteirizo, que marca as liñas de actuación da cooperación transfronteiriza durante a próxima década. Un dos eixos estratéxicos é o turismo sustentábel e responsábel. Preténdese desenvolver un turismo baseado na preservación e promoción do patrimonio natural, concretamente do río Miño internacional. Unha das liñas é a de valorizar o anel verde de sendeiros e ciclovías do río Miño, de forma que se favoreza o desenvolvemento dunha rede de sendeiros pedestres coherente no territorio e se complete a rede de ciclovías existente.
- En data 12/04/2024, a Deputación de Pontevedra e o AECT Rio Minho, asinaron un convenio de colaboración para levar a cabo a redacción do proxecto de execución dunha ponte peonil internacional para conectar o concello de As Neves coa cámara portuguesa de Monção, no ámbito do desenvolvemento e promoción da cooperación con transfronteiriza.
- O obxecto do convenio era a realización dunha aportación extraordinaria por importe de



47.718,00 € por parte da Deputación ó AECT Rio Minho para financiar o 50% do coste de redacción do proxecto de execución da ponte peonil internacional entre As Neves-Monção. O 50 % restante do financiamento, sería asumido pola cámara municipal de Monção previa sinatura do correspondente convenio entre a dita cámara e o AECT Rio Minho.

- O convenio asinado coa Deputación e aprobado mediante Resolución Presidencial 2024002469 de 25/03/2024, recollía na súa cláusula sétima un prazo de execución até o 31 de decembro de 2024. A cámara de Monção e o AECT Rio Minho non asinaron o convenio de colaboración ao longo do 2024, por tanto foi imposible por parte do AECT levar a cabo as accións obxecto do convenio no prazo establecido no dito convenio.
- Con data 05/03/2025 mediante rexistro WEB2025014391, o AECT remitiu por sede electrónica a minuta da acta da reunión ordinaria de Cámara de Monção do 27 de febreiro de 2025, onde se aproba por unanimidade a proposta de protocolo de colaboración entre o AECT Rio Minho e a Cámara de Monção para a redacción do proxecto de execución da ponte internacional.
- O 15/04/2025 mediante rexistro WEB2025028327, o AECT Rio Minho achega a documentación necesaria para iniciar a tramitación do novo convenio para desenvolver a redacción do proxecto de execución da ponte internacional peonil As Neves-Monção.
- Polos motivos expostos no parágrafo anterior, é necesaria a sinatura dun novo convenio entre o AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra. O obxecto do mesmo é apoiar iniciativas de mobilidade sostible no ámbito do territorio transfronteirizo, en concreto, a través da realización do **proxecto de execución dunha ponte peonil sobre o Rio Miño entre As Neves e Monção**.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación no relativo ó interese público dos investimentos, a non preceptividade de informe da Secretaría Xeral, e o informe da Intervención Provincial no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación **25/942.9431.491.01.2024** quedando retido mediante documento **R.C. núm.12025000078940**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27 de decembro de 2024
- Bases de execución do orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2025, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIONES

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, o AECT Rio Minho e a Deputación de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións para levar a cabo a redacción do proxecto de execución da ponte peonil entre As Neves y Monção.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

A Agrupación de Cooperación Territorial do río Miño presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO -AECT RIO MINHO- PARA LEVAR A CABO A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA”.



RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, en virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación de data 25/04/2025 (CSV: GA5F3X50986N179R), e da Intervención Provincial de 9/05/2025 (CSV: UQ3RI67EJ83ZOOSM), sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais, a seguinte proposta de resolución:

- APROBAR o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO -AECT RIO MINHO- PARA LEVAR A CABO A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO -AECT RIO MINHO- PARA LEVAR A CABO A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra, D. José Manuel Vaz Carpinteira, na súa condición de Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT Rio Minho), NIPC 514724790, en virtude das competencias que se



lle atribúen no artigo 14 dos Estatutos da AECT Rio Minho publicados na 2ª Serie do Diario da República Portuguesa do 8 de marzo de 2018.

E dando fe do acto que se celebra D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- *A Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) do Rio Minho é unha persoa xurídica de dereito público, constituída pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal (CIM) do Alto Minho, co obxectivo de promover a cooperación territorial transfronteiriza. O AECT Rio Minho constituíuse ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a través de escritura pública celebrada o 24 de febreiro de 2018, sendo publicado este acto na 2.ª Serie do Diario da República Portuguesa do 8 de marzo de 2018, rexistrado no Comité das Rexións Europeas co n.º 72 e publicado no Xornal Oficial da Unión Europea do 20 de abril de 2018.*

Segundo.- *Co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento e reforzar a cohesión económica e social do seu territorio, o AECT Rio Minho ten como atribucións articular o espazo común e promover as relacións de cooperación territorial no seu territorio, aumentar a cohesión institucional desta área e promover o territorio do AECT Rio Minho no exterior, para pór en valor as potencialidades dos seus recursos endóxeos, ademais de facer medrar e consolidar a marca turística transfronteiriza Rio Minho no ámbito nacional e internacional.*

Terceiro.- *A Deputación é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia de conformidade ao establecido nos artigos 31 e 36 da Lei*



7/1985, de 2 de abril. E, especificamente, o artigo 36.1.d) establece que a deputación é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Cuarto.- A Deputación de Pontevedra desenvolve proxectos de cooperación transfronteiriza en colaboración con diversas entidades territoriais portuguesas co fin de aumentar a cohesión territorial e social dos concellos do Miño transfronteirizo, impulsando a colaboración institucional e social mediante fórmulas estables de cooperación que xeren iniciativas, proxectos e sinerxías capaces de contribuír decididamente ao crecemento intelixente, sustentable e integrador do territorio e da sociedade da raia, no marco da Estratexia Europa 2030.

Quinto.- O territorio do AECT Rio Minho abrangue os concellos do sur da provincia de Pontevedra e as cámaras da rexión do Alto Minho de Portugal, un total de 26 municipios. A finalidade do AECT Rio Minho é a defensa da xestión compartida dos servizos entre todos os actores existentes na contorna do río Miño internacional.

A súa Asemblea Xeral aprobou na sesión celebrada en Valença o día 20/12/2023 o Plano de Actividades e Orzamento para a anualidade 2024, na cal contéplase o financiamento do programa "Apoio ás dinámicas locais transfronteirizas" a través dunha aportación extraordinaria por valor de 47.718,00 €, destinada ao financiamento do 50% do mencionado programa.

Estipulouse que a formalización desta aportación extraordinaria faríase mediante un convenio entre a Deputación de Pontevedra e o AECT Rio Minho e, paralelamente, un convenio entre a entidade local portuguesa (Cámara municipal de Monção) e o AECT Rio Minho.

O 12/04/2024, o AECT Rio Minho e a Deputación asinaron o dito convenio (aprobado mediante Resolución Presidencial 2024002469 de 25/03/2024), o cal recollía na súa cláusula sétima un prazo de execución até o 31 de decembro de 2024. A cámara de Monção e o AECT Rio Minho non asinaron o convenio de colaboración ao longo do 2024, polo tanto foi imposible por parte do AECT levar a cabo as accións obxecto do convenio no prazo establecido.

Polos motivos expostos nos parágrafos anteriores, a Asemblea Xeral do AECT aprobou na sesión celebrada o 26/12/2024 o Plano de Actividades e Orzamento para a anualidade 2025, na cal contéplase, de novo, o financiamento do programa "Apoio ás dinámicas locais



transfronteirizas”, a través dunha aportación de 47.718,00 € por parte da Deputación de Pontevedra e dunha aportación do mesmo importe por parte da Cámara de Monção, mediante a formalización dos correspondentes convenios.

Este programa persigue apoiar iniciativas de mobilidade sostible no ámbito do territorio transfronteirizo, en concreto, a través da realización do proxecto de execución da ponte peonil sobre o Rio Miño entre As Neves e Monção.

Sexto.- *A finalidade deste convenio é poder levar a cabo esta ponte colgante, a cal unirá o Sendeiro dos Pescadores galego coa ecopista lusa e convertérase nun elemento singular da zona, dinamizador dos concellos e nun potente atractivo turístico.*

Por tal motivo, as dúas partes, Deputación de Pontevedra e a AECT Rio Miño acordan subscribir o presente Convenio Específico de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a realización dunha aportación por parte da Deputación de Pontevedra ó AECT Rio Minho para financiar o 50% do coste da redacción do proxecto de execución da ponte peonil internacional de As Neves- Monção, no ámbito do desenvolvemento e promoción da cooperación transfronteiriza.

Segunda.- Contido

O AECT Rio Minho contratará a redacción do proxecto de execución da ponte internacional peonil As Neves- Monção, que comprenderá o seguinte contido:

- I. Estudo xeolóxico e xeotécnico*
- II. Programa Base*
- III. Estudo previo*
- IV. Anteprojecto*
- V. Proxecto de execución*
- VI. Asistencia técnica*

Terceira.- Financiamento da actividade



Os custes máximos estimados da contratación da redacción do proxecto son de 95.436,00 euros (IVE incluído), sendo asumidos en partes iguais pola Deputación de Pontevedra (47.718,00 €) e o Municipio de Monção (47.718,00 €).

A Deputación de Pontevedra, recoñecendo o interese da acción, comprométese a apoiar financeiramente ó AECT Rio Minho na redacción do proxecto e na proporción que lle corresponde no valor global de **47.718,00 €** (corenta e sete mil setecentos dezaioito euros), IVE incluído.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

Os encargos do presente convenio imputaranse contra a partida orzamentaria 25/942.9431.491.01_2024 "A entidade transfronteiriza AECT Rio Minho". Estes gastos correspóndense coa aportación extraordinaria destinada ao programa "Apoio ás dinámicas locais transfronteirizas".

Cuarta.- Pagamento e xustificación da actividade

A cantidade referida na cláusula anterior (47.718,00 €) será transferida pola Deputación de Pontevedra ó AECT Rio Miño da seguinte maneira:

- 25% do valor global, 11.929,50 €, unha vez se adxudique a licitación.
- 25% do valor global, 11.929,50 €, unha vez se presente o Estudo previo.
- 25% do valor global, 11.929,50 €, unha vez se entregue o Anteprojecto
- 25% do valor global, 11.929,50 €, unha vez se entregue o proxecto de execución.

Para a súa xustificación, o AECT Rio Minho presentará a seguinte documentación:

1º pago:

- Documentos acreditativos da adxudicación do contrato para o servizo de redacción do proxecto, onde figurará a empresa adxudicataria e o importe do contrato.

2º pago:

- Documento técnico do Estudo Previo.
- Factura ou copia de facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio por no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos correspondentes, que sirva como xustificante de pagamento do estudo previo.



3º pago:

- *Documento técnico do anteprojecto.*
- *Factura ou copia de facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio por no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos correspondentes, que sirva como xustificante de pagamento do anteprojecto.*

4º pago:

- *Documento técnico do Proxecto construtivo completo.*
- *Informe de supervisión favorable asinado por técnico competente que recolla que o proxecto reúne os documentos esixidos segundo a lexislación de contratos do sector público, e que os documentos detallan toda a información necesaria para entender o obxectivo do proxecto, a súa adecuación funcional e a súa viabilidade técnica e solución construtiva.*
- *Facturas ou copias de facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos correspondentes.*
- *Conta xustificativa que relacione os gastos e os ingresos obtidos para a realización da acción obxecto deste convenio. A conta xustificativa conterá unha relación clasificada dos gastos realizados onde se indiquen os acredores, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, as datas de pago.*
- *Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa que será realizada polo órgano competente da AECT Rio Minho.*
- *Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula VIII.*
- *Proba do cumprimento das obrigas asumidas, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.*

Quinta.- Contratación e execución

- 1. Corresponderalle á AECT Rio Minho o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.*
- 2. No procedemento de contratación, o AECT Rio Minho axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público que lle sexa de aplicación.*



Sexta.- Publicidade do financiamento provincial

1. O AECT Rio Minho fará constar de forma expresa o financiamento da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas ou científicas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.

Sétima.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial realizaranse dende a data da sinatura deste convenio e fíxase un prazo de execución ate o 30 de abril de 2026.

2. Unha vez rematado o traballo, o AECT Rio Minho deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula cuarta no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.

3. De conformidade co disposto no artigo 52.2 da lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, no suposto de convenios onde deriven compromisos financeiros, entenderanse cumpridos cando o seu obxecto sexa realizado nos termos e satisfacción de ambas partes, dacordo coas súas respectivas competencias.

4. O aboamento da importe financiado materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AECT Rio Minho na documentación achegada.

Oitava.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. Tal e como se recolle na cláusula 1.2 do convenio para a constitución da AECT Rio Minho, o ente creado ten a súa sede en Portugal na cámara de Valença, na Avda. Miguel Dantas nº69, e unha delegación na provincia de Pontevedra nun lugar que será designado pola Deputación de esa provincia.

2. Na cláusula sétima de dito convenio, onde se recollen os principios de xestión e contratación do persoal, se establece que a sede do AECT Rio Minho disporá dunha plantilla de persoal que será cuberta tendo en conta a lexislación portuguesa, ademais dos principios de dereito da Unión Europea sobre xestión e contratación do persoal. A delegación da provincia poderá dispoñer dunha plantilla de persoal aprobada pola Asemblea Xeral da AECT a proposta do director, que será cuberta tendo en conta a lexislación española.



3. No momento actual a AECT Rio Minho conta con persoal propio na súa sede de Valena, mentres que a Delegación de Pontevedra carece de persoal. Por este motivo a AECT non se atopa dada de alta na Seguridade Social Española.
4. Dado que a AECT Rio Minho é unha persoa colectiva de dereito público e ten número de identificación fiscal portugués (NIPC:514724790), a afectos do cumprimento das obrigas tributarias, estas son contraídas coa Autoridade Tributaria e Aduaneira de Portugal.
5. Polos motivos expostos anteriormente, a AECT Rio Minho deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento do importe financiado, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Autoridade Tributaria e Aduaneira de Portugal e coa Seguranga Social Portuguesa.
6. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

Novena.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O AECT Rio Minho destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación de gasto presentada.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Décima.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. O AECT Rio Minho poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a aportación concedida, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o AECT Rio Minho queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12



de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3. Do mesmo xeito e consonte o artigo 53.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicaranse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Décimo primeira. - Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se de vindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

Décimo segunda. - Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, fíxase un prazo de execución até o 30 de abril de 2026.

2. Logo da solicitude previa da AECT Rio Minho, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado até un máximo de seis meses por acordo expreso de ambas as dúas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décimo terceira. - Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décimo cuarta.- Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Institucións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo



Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décimo quinta.- Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

O Director do AECT Rio Minho

Asdo.: Luis López Diéguez

Asdo.: José Manuel Vaz Carpinteira

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RÍO MIÑO -AECT RIO MINHO- PARA LEVAR A CABO A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA PONTE PEONIL INTERNACIONAL AS NEVES-MONÇÃO, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA.



ANEXO I. Orzamento desagregado:

OBXECTO CONVENIO	50% CUSTO PROXECTO DE EXECUCIÓN PROXECTO PONTE PEONIL AS NEVES- MONÇAO	SEN IVE	IVE (23%)	TOTAL
		38.795,12 €	8.922,88 €	47.718,00€

”

- FACULTAR ao Presidente para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- DARLLE TRASLADO da presente resolución ao AECT Rio Minho, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, e ao Gabinete da Presidencia”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por maioría, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), a abstención do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e a abstención do Grupo Provincial do BNG (2).

3. Ditaminar a aprobación da memoria de equipamento modificada da actuación “Rehabilitación de Edificio para Centro Social e de Maiores” presentada polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Programa PON 2030 (Expte. 2023030350)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DA MEMORIA DE EQUIPAMENTO MODIFICADA DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIAL E DE MAIORES” PRESENTADA POLO CONCELLO DE VILABOA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON2030 (Expte. 2023030350)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023,



mediante o acordo núm. 4.8011, concede unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Vilaboa con destino á execución da actuación denominada "Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores", ao abeiro do Programa PON2030.

- O custo total da actuación ascendía a 643.268,02€ (560.197,45€ de execución de obra, 65.461,45€ de equipamento e mobiliario e 17.609,12€ de honorarios técnicos) e a subvención concedida a 490.446,07€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 152.821,95€.
- O 23/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 19/12/2023 o Concello adxudica o contrato da obra por un importe de 537.341,40€, resultando unha baixa de adxudicación de 22.856,05€ (4,08%). Na data 22/12/2023 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 29/11/2024, mediante o acordo núm. 5.8300 o Pleno da Corporación Provincial aprobou o proxecto modificado presentado e aprobado polo Concello. O orzamento de adxudicación, que pode financiarse integramente coa baixa, incrementase en 14.753,96€, resultando nun total de 552.095,36 €. Dos 22.856,05€ correspondentes coa baixa de adxudicación inicial quedarían dispoñibles 8.102,09€.
- Na data 13/01/2025, o Concello de Vilaboa presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025002061) unha memoria de equipamento modificada, na data 20/01/2025 presenta un informe sobre a motivación da modificación da memoria de equipamento (núm. Rexistro WEB2025003573), e na data 14/05/2025 presenta a aprobación da memoria de equipamento corrixida (núm. Rexistro WEB2025036573). Segundo os técnicos os cambios introducidos na memoria modificada non son substanciais e débense a un desaxuste dos prezos co mercado e á falta de precisión na descrición dalgúns dos elementos, o que provocou que a licitación resultase deserta. O novo orzamento de licitación ascende a 67.953,68€, resultando un incremento de 2.492,23€ (3,81%), que podería financiarse cos 8.102,09€ da baixa correspondente ao contrato da obra mencionado no anterior párrafo.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión da memoria de equipamento modificada na data 19/05/2025 (CSV: TIE47EZY2VO9ZGJ). No mesmo conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, e que debido á escasa entidade dos cambios, considérase que non é necesario convocar a comisión de expertos, e queda convalidada a sinatura dos membros que forman parte da devandita comisión.
- O día 19/05/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 9S9NJJ06GS5LLVT8).
- Na data 20/05/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite



informe no que considera que os cambios introducidos na memoria de equipamento modificada non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: 1WYQK7NSZFVoTLT5).

- O día 20/05/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación da memoria de equipamento modificada (CSV: 39G5CMFPSUH3W8YV).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para centro social e de maiores” ao abeiro do Programa PON2030

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes



- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.



Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

A memoria de equipamento modificada presentada polo Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O Concello tramitou o oportuno expediente motivado por un desaxuste dos prezos co mercado e á falta de precisión na descrición dalgúns dos elementos, o que provocou que a licitación resultase deserta.

A memoria de equipamento modificada incrementa o orzamento de licitación en 2.492,23 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 8.102,09€ € (correspondentes ao contrato da obra), o incremento pode financiarse coa dita baixa.

O informe do técnico de Cooperación, ratificado mediante a sinatura dos membros da Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

A memoria de equipamento modificada preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR a memoria de equipamento modificada da actuación “Rehabilitación de Edificio para Centro Social e de Maiores” presentado polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Programa PON2030.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vilaboa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).



4. Ditaminar a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra (Expte. 2025030791)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA (Expte. 2025030791)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do concello de Pontevedra.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, na data 09/05/2025 mediante Rexistro WEB2025035050, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio.
- Asemade, segundo a memoria técnica da devandita actuación a estimación económica para a súa execución é de DOUSCENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS (210.540,00 €), IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación con cargo ao exercicio 2025.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.

Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 13/05/2025 (CSV:NTFVFE0AD207CIJH); o informe de supervisión da memoria técnica emitido por persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías de 15/05/2025 (CSV:Q3JCRZXOV03JEURT) o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 15/05/2025 (CSV:FFA0HIQNT60TG65X) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 20/05/2025 (CSV:2VQ19EXWST7P69G4) manifestando a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación



2025/942.9420.762.14 do orzamento provincial.

- En data 23/05/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar



o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2025, dotación orzamentaria na aplicación 2025/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó Concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIONES



En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidadanía e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, elévase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:



“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romy, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III. Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan a consolidación da administración electrónica no Concello de Pontevedra mediante a actualización da súa infraestrutura tecnolóxica ao abeiro do mandato normativo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento



administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como nas previsións establecidas no Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Por outra banda, a actuación encádrase tamén nos obxectivos establecidos no Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, aprobado polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo.

IV. A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente en levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo (SXBD) do Concello de Pontevedra.

V. Que o artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios. Pola súa parte, o artigo 198.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), establece que as Deputacións Provinciais poderán subscribir, con todos ou con algún dos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e a maior eficacia na prestación destes. Asemade, o artigo 109.1.b) da LALG atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese cidadá e empresarial da actuación por ofrecer servizos públicos dixitais de calidade. Así



mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

X. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de administración electrónica, ao abeiro do mandato normativo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o proxecto de actualización da infraestrutura do Sistema de Xestión de Base de Datos corporativo (SXBD) Oracle RAC 12c do Concello de Pontevedra, onde se custodian todos os datos que xestionan todos os sistemas de información municipais, por unha versión actualizada (Oracle 19c), compatible cos aplicativos existentes no Concello.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de DOUSCENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS (210.540,00€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento de licitación, para a realización do contrato do “Subministro de servidores e licenzas necesarias para a actualización do SXBD ORACLE-SE do Concello”, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra con cargo á anualidade 2025, contra a aplicación 2025/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución da actuación a realizar, excluído o da redacción da memoria técnica que se realizou polo Concello de Pontevedra, e autorízouse, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025
Deputación de Pontevedra (100%)	210.540,00 €

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de



execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada na memoria técnica, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

1. A execución da actuación e contrato á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2025 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

2. A memoria técnica aprobada polo Concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

3. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

4. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución da actuación por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

5. Cando remate o investimento e formalizada a recepción mediante a sinatura electrónica da acta de recepción do subministro pola Administración e pola adxudicataria, ao tratarse dun subministro non tanxible, a Administración municipal remitirá á provincial copia da mesma e a certificación dos acordos municipais que aproben a devandita recepción e as correspondentes facturas.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.



- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitar, executar, controlar e recibir o subministro segundo a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica.
- Remitir, unha vez formalizado o contrato de subministro, unha copia deste á Deputación.
- Xustificar ante a Deputación a actuación realizada mediante a expedición das correspondentes facturas do subministro aprobadas polo órgano competente do Concello.
- Remitir á Deputación a acta de recepción do subministro asinada electrónicamente pola Administración e pola adxudicataria.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a actuación obxecto do presente convenio se levou a cabo en colaboración coa Deputación.
- Asumir a responsabilidade do subministro obxecto deste convenio desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción do mesmo coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Cumprir as obrigas contidas na LSG, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido na LXS, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO



Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o Concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da factura correspondente.

Xunto coa primeira factura achegárase a seguinte documentación:

- Unha proba gráfica da difusión dada ao subministro que se financia coa axuda da Deputación.
- O contrato de adxudicación do subministro.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación da memoria técnica do investimento.

Xunto coa última factura achegáranse:

- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao subministro que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación da achega será o 31 de marzo de 2026.

O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución da actuación, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación



xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello deberá darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para a actuación subvencionada. Para estes efectos deberá:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
- Acreditar a publicidade desde o inicio do subministro, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Colocar nun lugar visible do Concello un panel informativo ou placa no que se indique o financiamento pola Deputación de Pontevedra da actuación financiada.
- Facer publicidade na páxina web do Concello e nas súas redes sociais da colaboración da Deputación de Pontevedra.
- Remitir á Deputación a acta de recepción do subministro asinada electrónicamente pola Administración e pola adxudicataria.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e



transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio proponerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A comisión reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.



DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, a actuación obxecto do presente convenio non estivese rematada nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

- A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

5. Ditaminar a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos Campos de Fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro (Expte. 2025024750)

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo con carácter previo á súa elevación ante o órgano competente para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO (Expte. 2025024750)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación



Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro.

- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, nas datas 15/04/2025, 02/05/2025 e 15/05/2025, mediante Rexistro WEB2025028416, WEB2025031958 e WEB2025037099, respectivamente, o Concello de Pontevedra presenta pola sede electrónica unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do devandito convenio.
- Asemade, segundo a memoria técnica *xustificativa* da devandita actuación a estimación económica para a súa execución é de CENTO CORENTA E DOUS MIL NOVECIENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (142.937,83€), IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado integramente pola Deputación con cargo ao exercicio 2025.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 19/05/2025 (CSV:L70GIHGEWT4TSIM7); o informe de supervisión da memoria técnica *xustificativa* emitido por persoal técnico do Servizo de Cooperación de 19/05/2025 (CSV:56LA1B22Y44X2HMM); o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 19/05/2025 (CSV:FJ1AKWENWV8608DX) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de 20/05/2025 (CSV:MSD0I1FQ3AFHZ9ND), manifestando a existencia de crédito suficiente para facer fronte ao gasto na aplicación 2025/942.9420.762.14 do orzamento provincial.
- En data 23/05/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.l) LRBRL, atribúe ás Administracións municipais competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. En concordancia co anterior, a LALGA, ao regular as competencias propias dos concellos, establece no seu artigo 80.2.n) que exercerán, entre outras, competencias en materia de instalacións culturais e deportivas.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en



todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.

- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinálase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2025, dotación orzamentaria na aplicación 2025/942.9420.762.14 e designado como beneficiario ó Concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra e a súa veciñanza, e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.



Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO”.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, elévase á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO”, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que a Deputación e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que as deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plan e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a tales efectos, a Deputación e o concello de Pontevedra veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras de carácter diverso.

III. Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan o establecemento de instalación deportivas e de ocupación do tempo libre axeitadas, de xeito que poidan contribuír a fomentar, promover e difundir o deporte como actividade de interese público ao que se lle recoñecen as especiais funcións que este desempeña na sociedade nos ámbitos da educación, da formación e da cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto polo medio ambiente.

A finalidade deste acto é establecer unha cooperación destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación do céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro, instalación de titularidade municipal situada na Xunqueira de Lérez, no Concello de Pontevedra.

IV. Que o artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade, o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións a fondo perdido.

V. Que os artigos 25.1 e 25.2.l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.1 e 80.2.n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a



satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal. Pola súa parte, o artigo 7 da citada Lei 3/2012, de 2 de abril, atribúelle ás deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia aos municipios e colaboración no deseño e a construción de instalacións deportivas e tamén respecto da construción de instalacións deportivas de titularidade municipal, así como coidar as condicións de seguridade, entre outras.

VI. Que a Deputación, nos orzamentos do ano 2025, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Pontevedra.

VII. Que os convenios entre Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da LRBRL; os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; así como no disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIII. Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

IX. Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Así mesmo, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

X. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento dos principios de colaboración e cooperación, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra establecen como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal e acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro, instalación de titularidade municipal situada na Xunqueira de Lérez, no Concello de Pontevedra.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de CENTO CORENTA E DOUS MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (142.937,83€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da actuación obxecto da colaboración pactada, que será financiado integramente pola Deputación de Pontevedra na anualidade 2025, contra a aplicación 2025/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución da actuación a realizar, excluído o da redacción da memoria técnica que corresponde ao Concello de Pontevedra.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025
Deputación de Pontevedra (100%)	142.937,83 €

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada na memoria técnica, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

6. A execución da actuación e contrato á que se refire o presente convenio, terá lugar durante o ano 2025 de acordo coas obrigas de financiamento indicadas na cláusula segunda.

Non obstante, o eventual reaxuste da anualidade da execución do contrato poderá dar lugar ao reaxuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa



proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade do devandito contrato e da resolución que se dite.

7. A memoria técnica aprobada polo concello de Pontevedra e que se achega ao expediente tramitado para a aprobación do presente convenio, determina o ámbito de actuación do convenio.

8. A Deputación poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

9. As actuacións realizadas no marco do convenio estarán sometidas á comprobación explícita da execución da actuación por parte dos servizos técnicos da Deputación. A dita comprobación material é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

10. Cando remate o investimento, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción deste, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e a certificación dos acordos municipais que aproben a recepción do investimento executado e a certificación final deste.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica valorada, asumindo o seu custo, e debendo remitila aprobada á Deputación para a súa posterior supervisión polos técnicos provinciais.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir unha copia do acordo á Deputación.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitir, dirixir, executar, controlar e recibir a obra segundo a documentación técnica pertinente e a correspondente memoria técnica.
- Remitir, unha vez formalizado o contrato de subministro, unha copia deste á Deputación, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.
- Xustificar ante a Deputación o investimento realizado mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custo total do investimento.



- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción do subministro, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a actuación obxecto do presente convenio se levou a cabo en colaboración coa Deputación.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción do subministro coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Cumprir as obrigas contidas na LSG, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido na LXS, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación obrígase a:

- Financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade disposta na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Segundo o artigo 34.3 da Lei 38/2003 o pago da achega económica regulada neste convenio realizarase mediante transferencia bancaria unha vez que o concello de Pontevedra xustifique axeitadamente a realización do proxecto para o que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora das subvencións públicas.

O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:



- Facturas rexistradas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
- Certificacións de obra executada.

Xunto coa primeira certificación achegárase a seguinte documentación:

- Unha copia da acta de comprobación de replanteo.
- Unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- No seu caso, o nomeamento do/a responsable do contrato e coordinador/a de seguridade e saúde
- O contrato de adxudicación do subministro.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- O acordo ou resolución de aprobación da memoria técnica do investimento.

Xunto coa última certificación achegáranse:

- Informe final do/a responsable do contrato.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Acta de recepción.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Declaración responsable de non estar o beneficiario incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da LSG, para ser beneficiario desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A xustificación deberá de presentarse ante a Deputación de Pontevedra no prazo máximo de tres meses dende o fin da actuación subvencionada. O prazo máximo para presentar a xustificación da achega será o 31 de marzo de 2026.



O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución do investimento, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada. A documentación xustificativa verificarase polos servizos técnicos provinciais e fiscalizarase pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

Conforme ao disposto no artigo 65.3, letra c) do Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

OITAVA. PUBLICIDADE

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello deberá darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para a actuación subvencionada. Para estes efectos deberá:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
- Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha actuación subvencionada pola institución provincial.
- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis informativos da actuación que se realice e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas ás instalacións e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.



Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.



A comisión reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación ou na Casa do Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

DÉCIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a



Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

- A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Pontevedra.
- FACULTAR ao presidente para formalizar o citado convenio mediante a súa sinatura.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.”.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

6. Moción do Grupo Provincial do BNG pola dignificación do servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) Val Miñor

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, sométese ao Ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social a seguinte moción con carácter previo a súa elevación ó Pleno:



“O grupo provincial do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, presenta para o seu debate en pleno a seguinte

MOCIÓN

Pola dignificación do servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) Val Miñor

Exposición de motivos:

A precariedade en que vive o servizo de emerxencias do Val Miñor, ademais do que ten a ver coa situación laboral, afecta tamén ás súas dependencias. Por un lado está a situación de absoluto abandono e deixamento da actual sede do GES. Nun edificio compartido con outros servizos do Concello de Nigrán, cunhas instalacións cheas de humidades, paredes descunchadas, barandas desprendidas, teitos con pingueiras, unha escaleira perigosa, sen espazo para o adestramento físico en interior; en definitiva un espazo insalubre e incompatible cunhas condicións laborais minimamente dignas, e que nin a Xunta do PP nin os sucesivos presidentes da Mancomunidad, os socialistas de Nigrán e Gondomar, e o popular de Baiona, fan nada por arranxar. E por outro, está a desaxeitada localización da propia sede, situada ao carón dun instituto de educación secundaria que concentra en determinadas horas innumerables vehículos e persoas, o que pode dificultar enormemente as saídas de emerxencias.

Esta situación fai imprescindible ou a construción dunha nova sede para o Grupo de Emerxencias ou o seu traslado a unhas novas dependencias, unha nova localización que evite ter os vehículos á intemperie, que estea situada nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, deseñada funcionalmente para o seu cometido e específica para o servizo, que o dote de maior seguridade e efectividade. Unhas novas dependencias que deberan ser o resultado dun convenio no que a Mancomunidad debe sumar as outras administracións competentes, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Toda esta realidade é de sobra coñecida, non é de onte, nin sequera dos últimos cinco anos, vén de lonxe, e xa se ten denunciado reiteradamente, mais a día de hoxe nada se moveu, nin por parte da Mancomunidad, nin doutras administracións que comparten competencias en materia de emerxencias, Xunta e Deputación. Cun desleixo temerario por parte de todas elas, que pon en xogo nada máis e nada menos que o correcto funcionamento dun servizo do que poden chegar a depender o bens e as vidas do conxunto do Val Miñor, un territorio cunha poboación habitual de arredor dos 45.000 habitantes, cifra que se ve triplicada en época estival. As institucións responsábeis deben actuar e non mirar para outro lado, para evitarmos ter que lamentar non ter feito nada a tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do BNG somete a debate a proposta da adopción do seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno da Deputación a:

- Iniciar, xuntamente coa Xunta de Galiza e a Mancomunidad de Concellos do Val Miñor, as xestións pertinentes para dotar dunha nova localización á sede das dependencias do Grupo de Emerxencias



Supramunicipal do Val Miñor, nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, que estea deseñado funcionalmente para o seu cometido e que sexa específico para o servizo.

- Ate que se dispoña dunha nova sede, colaborar coa Mancomunidade para proceder, no inmediato, a realizar o adecentado da sede actual, trasladando, se for preciso, o servizo a outro espazo de xeito provisional mentres duren as obras.

Val Miñor, 8 de maio de 2025

Firmado por RODRIGUEZ PUMAR MARIA MANUELA-

***6221** el día 09/05/2025 con un certificado

emitido por AC FNMT Usuarios "

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente a referida moción coa abstención do Grupo Provincial do Partido Popular (9), a abstención do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e os votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG (2).

7. Rogos e preguntas

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión,

Marina Piñeiro Novo

